WIKIPEDIA

# Lingua xavanesa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

| Xavanés<br>*Basa Jawa, Basa Jawi* | |
|---|---|
| Falado en: | Indonesia (Xava), Timor Leste, Malaisia Peninsular, Nova Caledonia, Suriname |
| Total de falantes: | 80 millóns |
| Posición: | 12 |
| Familia: | Austronesia<br>Malaio-Polinesia<br>Malaio-Polinesia Occidental<br>**Xavanés** |
| Escrita: | Escritura xavanesa, Latino |
| **Estatuto oficial** | |
| Lingua oficial de: | *Non é oficial* |
| **Códigos de lingua** | |
| ISO 639-1: | `jv` |
| ISO 639-2: | `jav` |



O **xavanés**[1] é a lingua que se fala principalmente nas zonas central e oriental da illa de Xava, en Indonesia, empregado aproximadamente por unhas 75 500 000 persoas. O xavanés pertence á familia austronesia; polo tanto, está relacionado co bahasa indonesio e o malaio. Moitos falantes de xavanés tamén usan bahasa indonesio como lingua oficial e de negocios.

O idioma xavanés pertence á subrama súndica da rama malaio-polinesia occidental, a cal á súa vez é unha rama da sub-familia malaio-polinesia da familia austronesia. É unha lingua próxima ao malaio, ao sondanés, ao madurés, ao balinés e, en menor medida, a varias linguas de Sumatra e Borneo.

Fóra de Indonesia existen grandes comunidades de falantes de xavanés en países veciños como: Timor Oriental, Malaisia, Singapur, Australia, Taiwán e Hong Kong na China. Tamén hai comunidades de falantes en Surinam, Nova Caledonia e Países Baixos.

O xavanés é falado na parte central e leste da illa de Xava, así como na costa norte de Xava Occidental. En Madura, Bali, Lombok e a rexión de Sunda é utilizado como lingua literaria. Foi a lingua da corte en Palembang, na provincia de Sumatra do Sur, até que o palacio foi saqueado polos neerlandeses a finais do século XVIII.

O xavanés pode ser considerado como unha das linguas clásicas do mundo, cunha vasta literatura que abrangue máis de doce séculos. Os estudosos dividen a historia da lingua xavanesa en catro etapas diferentes:

- Antigo xavanés (desde o século IX)
- Xavanés medio (desde o século XIII)
- Novo xavanés (desde o século XVI)
- Xavanés moderno (desde o século XX) (esta clasificación non é usada universalmente)

O idioma é escrito utilizando a escritura xavanesa (descendente da escritura brahmánica da India), a escritura arabo-xavanesa, o alfabeto árabe e o alfabeto latino. Aínda que non é o idioma oficial de ningún país, é a lingua austronesia con máis falantes nativos. É falada por aproximadamente 80 millóns de persoas.

Polo menos o 45% da poboación de Indonesia é de orixe xavanesa. Por tal razón, o xavanés tivo un importante papel no desenvolvemento do indonesio, lingua nacional de Indonesia, un dialecto do malaio.

# Índice

**Dialectos**

**Notas**

**Véxase tamén**

Outros artigos

Ligazóns externas

# Dialectos

Existen tres grupos principais de dialectos do xavanés: o xavanés occidental, xavanés oriental e xavanés central. As diferenzas entre estes grupos dialectais son fundamentalmente a pronunciación e, en menor medida, o vocabulario. Todos os dialectos xavaneses son máis ou menos mutuamente intelixibles.

A variante de Xava Central, baseada na forma de Surakarta (e tamén en certo grao na de Yogyakarta), é considerado como o dialecto xavanés máis "culto", polo que o xavanés estándar inspírase neste dialecto. Estas dúas cidades son as sedes dos catro principados xavaneses, herdeiros do Sultanato de Mataram, que unha vez reinou a case totalidade de Xava, como tamén fóra desta.

# Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/xavanés) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/xavanés) para *xavanés*.

# Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua xavanesa***

## Outros artigos

- Banyumasan

## Ligazóns externas

- Javanese Writing System (http://www.omniglot.com/writing/javanese.htm)
- Ethnologue report on Javanese (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=jav)

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_xavanesa&oldid=5480101"